

BONO CONSOLIDA ECONOMÍA SOCIAL [2026]

Apoio á consolidación das entidades da economía social, con especial incidencia na transformación dixital e na mellora da eficiencia enerxética

Prazo aberto das 9:00 h
do **10 de febreiro**
ata as 20:00 horas
do **10 de abril de 2026**

Orzamento
2.730.000 €



Entidades beneficiarias

Sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego que cumpran os requisitos establecidos, para centros de traballo en Galicia.



Intensidade dos incentivos

Data límite de
xustificación:
10/11/2026

» Serán subvencionables* os seguintes gastos executados entre o 1/11/2025 e o 30/10/2026:

- Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade (1).
- Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web.
- Márketing, comunicación ou relanzamento comercial (1).
- Mellora na eficiencia enerxética.
- Obtención de certificados de calidade (1).
- Adquisición de equipamento.
- Plan de protección de datos (1).
- Formación para socios RETA (2).
- Elementos de transporte.
- Reforma do centro de traballo.
- Equipamento informático.
- Mobiliario.

Límite para (1)
5.000 €

Límite para (2)
600 €

Intensidade da axuda
80 %
ata un máximo de
30.000 €
por beneficiaria

Anticipo do
90 %

* Non serán subvencionables facturas inferiores a 100 € sen IVE.



Máis información



012

BONO CONSOLIDA ECONOMÍA SOCIAL [2026]



Requisitos das entidades beneficiarias

- » Figurar inscritas nos correspondentes rexistros administrativos de Galicia, e estar ao día no cumprimento das súas obrigas legais referidas á presentación de documentos e inscrición de acordos sociais nos rexistros competentes **no momento de presentación da solicitude**.
- » Ter presentadas as **contas anuais do último ano**, no Rexistro Mercantil, no Rexistro de Cooperativas ou no Rexistro de Fundacións, segundo corresponda á súa forma xurídica.
- » No caso de centros especiais de emprego que teñan forma xurídica de asociación, deberán **ter aprobado o balance e conta de resultados** pola súa Asemblea Xeral.
- » Acreditar unha **antigüidade de 42 meses**, que se computará desde a **data de inscrición da entidade solicitante no correspondente rexistro administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia**.

Excepcionalmente poderán ser beneficiarias as cooperativas que, **estando actualmente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia, acrediten ter estado inscritas no Rexistro Central de Cooperativas do Ministerio de Trabajo y Economía Social cunha antigüidade de 42 meses** e ter cambiado de ámbito

- » Ter a **capacidade administrativa, financeira e operativa** para cumprir as condicións da axuda.
- » **Estar ao día** no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social para obter subvencións.
- » **Non ter sido sancionadas** mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- » Xustificar ante o **órgano concedente** o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a **realización da actividade e o cumprimento da finalidade** que determinen a concesión da subvención.
- » Someterse ás **actuacións de control**, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración; así como **calquera outra actuación**, sexa de comprobación ou de control financeiro que poidan realizar os **órganos de control competentes**.
- » Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao **financiamento público das actuacións** subvencionadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con fondos recibidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).
- » **Manter, polo menos durante un período de tres anos** desde a data da resolución de concesión, **unha forma xurídica de entre as elixibles** para resultaren entidades beneficiarias da subvención concedida, **así como a actividade empresarial**.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]



Máis información



012